



Concello de Chantada (Lugo)

Pza.de España,1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011 - Fax. 982462102 emprego@concellodechantada.org

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 26/09/2023
HASH: aae586868904679ecab77a6351247cd

Fernando Torre Comesaña (2 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 26/09/2023
HASH: 7dc0a04dcfe78b0c8360a53789e957cf9

DON MANUEL LORENZO VARELA RODRÍGUEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

DECRETO.- RESULTADO FINAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA FACILITAR A EMPREGABILIDADE E OCUPABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO SERRA DO FARO VII.-

Vista a Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 46 do 8 de marzo de 2022, Consellería de Emprego e Igualdade.

Visto o expediente relativo ao Obradoiro Dual de Emprego “Serra do Faro VII” da Agrupación de Concellos de Carballedo e Chantada, sendo a entidade promotora o Concello de Chantada, no cal estaba contemplado a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea.

Vistas as bases do proceso de referencia, aprobadas por Decreto desta Alcaldía do Concello de Chantada de data 5 de setembro de 2023.

Considerando que as bases completas da convocatoria xunto cos modelos de solicitude foron publicados con data 07/09/2023 na páxina web do Concello de Chantada, <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Actualidade.

Considerando que, conforme se establecía nas bases, o anuncio co extracto da convocatoria foi publicado no BOP de Lugo con data 13/09/2023. As amentadas bases establecían que “o prazo de presentación das solicitudes será de sete días naturais (7) contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte”.

Considerando que o prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado 20 de setembro de 2023, e posto que non se presentaron solicitudes para participar na presente convocatoria por parte de ningunha entidade beneficiaria dos incentivos á contratación,

Esta Alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar o resultado final da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea para facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VII, sendo o seguinte:

- ENTIDADES BENEFICIARIAS PRESENTADAS AO PROCESO: NINGUNHA.
- RESULTADO FINAL DO PROCESO DE REFERENCIA: DESERTO.

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Chantada <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Actualidade.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade, aos efectos oportunos.

En Chantada a data sinatura electrónica.-

O alcalde, D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

O secretario, D. Fernando María Torre Comesaña.

DECRETO
Número: 2023-0901 Data: 26/09/2023

Cod. Validación: 67AHLPDFD9FA3EXCHXHLJMZ3T
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

